



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Didáctica da expresión plástica e visual

Materia	Didáctica da expresión plástica e visual			
Código	P02G110V01502			
Titulación	Grao en Educación Infantil			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	1c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Didácticas especiais			
Coordinador/a	Varela Casal, Cristina Martínez López de Castro, Rut			
Profesorado	Martínez López de Castro, Rut Varela Casal, Cristina			
Correo-e	cristinavarelacasal@uvigo.es rutmlc@hotmail.com			

### Web

Descrición xeral	<p>A finalidade primordial da didáctica da expresión plástica e visual nos centros de Educación infantil é proporcionar aos alumnos unha formación artística e didáctica de calidade así como garantir a cualificación dos futuros profesionais do ensino das artes no ámbito infantil.</p> <p>O ensino desta disciplina no ámbito pedagóxico asume un dobre sentido, xa que, por unha banda, a transmisión dos seus saberes garanten o desenvolvemento de prácticas artísticas fundamentais no ensino en infantil, tanto na composición e o crecemento da aprendizaxe no alumnado como nas tarefas de apoio a outros saberes, e por outro, auspician a renovación e deseño en cada momento da didáctica a través da incentivación da reflexión na práctica estética e na sólida formación nas artes.</p> <p>Vaise a desenvolver por tanto unha didáctica orientada á transmisión do saber artístico, incidindo na súa extensa tradición no sistema educativo, estudando a súa orixe desde a remisión ás raíces xenuínas da nosa cultura artística como á súa acelerada evolución na modernidade dependente non só do proceso de constante transformación e diversificación das tendencias artísticas, senón tamén das melloras introducidas nos produtos como resultado da aplicación á industria dos logros provenientes da invención e do desenvolvemento tecnolóxico e dixital, así como da aspiración emancipadora de amplos sectores sociais que outorgan ao fomento da dimensión estética do home unha calidade determinante para o crecemento de valores de identidade, expresión persoal e comunicación social.</p>
------------------	--

### Competencias de titulación

Código	
A1	Coñecer os obxectivos, contidos curriculares e criterios de avaliación da Educación Infantil
A2	Promover e facilitar as aprendizaxes na primeira infancia, desde unha perspectiva globalizadora e integradora das diferentes dimensións cognitiva, emocional, psicomotora e volitiva
A3	Deseñar e regular espazos de aprendizaxe en contextos de diversidade que atendan ás singulares necesidades educativas dos estudantes, á igualdade de xénero, á equidade e ao respecto aos dereitos humanos
A4	Fomentar a convivencia na aula e fóra dela e abordar a resolución pacífica de conflitos. Saber observar sistematicamente contextos de aprendizaxe e convivencia e saber reflexionar sobre eles
A5	Reflexionar en grupo sobre a aceptación de normas e o respecto aos demais. Promover a autonomía e a singularidade de cada estudante como factores de educación das emocións, os sentimentos e os valores na primeira infancia
A6	Coñecer a evolución da linguaxe na primeira infancia, saber identificar posibles disfuncións e velar pola súa correcta evolución. Abordar con eficacia situacións de aprendizaxe de linguas en contextos multiculturais e multilingües. Expresarse oralmente e por escrito e dominar o uso de diferentes técnicas de expresión
A8	Coñecer fundamentos de dietética e hixiene infantís. Coñecer fundamentos de atención prematura e as bases e desenvolvementos que permiten comprender os procesos psicolóxicos, de aprendizaxe e de construción da personalidade na primeira infancia

A9	Coñecer a organización das escolas de educación infantil e a diversidade de accións que comprende o seu funcionamento. Asumir que o exercicio da función docente debe perfeccionarse e adaptarse aos cambios científicos, pedagóxicos e sociais ao longo da vida
A10	Actuar como orientador de pais e nais en relación coa educación familiar no período 0-6 e dominar habilidades sociais no trato e relación coa familia de cada estudante e co conxunto das familias
A11	Reflexionar sobre as prácticas de aula para innovar e mellorar o labor docente Adquirir hábitos e destrezas para a aprendizaxe autónoma e cooperativa e promovela nos estudantes
A12	Comprender a función, as posibilidades e os límites da educación na sociedade actual e as competencias fundamentais que afectan aos colexios de educación infantil e aos seus profesionais. Coñecer modelos de mellora da calidade con aplicación aos centros educativos
B1	Capacidade de análise e síntese
B2	Capacidade de organización e planificación
B3	Comunicación oral e escrita
B5	Coñecemento de informática
B6	Capacidade de xestión da información
B7	Resolución de problemas
B8	Toma de decisións
B9	Traballo en equipo
B10	Traballo nun contexto internacional
B11	Habilidades nas relacións interpersoais
B12	Recoñecemento da diversidade e multiculturalidade
B13	Razoamento crítico
B14	Compromiso ético
B15	Aprendizaxe autónoma
B16	Adaptación a novas situacións
B17	Creatividade
B18	Lideranza
B19	Coñecemento doutras culturas e costumes
B20	Iniciativa e espírito emprendedor
B21	Motivación pola calidade

### Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Coñecer as características psicoevolutivas da linguaxe plástica infantil. Potenciar a partir da teoría do coñecemento as características do desenvolvemento da educación plástica.	A1	B1 B2 B5 B7 B9 B11 B13 B17 B20
Coñecer as características xerais da linguaxe visual e os aspectos fundamentais da súa sintaxe e semántica. Saber concretar e transmitir todas as características da linguaxe plástica así como estimular a aprendizaxe mediante métodos didácticos adecuados.	A1 A2 A3	B1 B2 B7 B8 B9 B13 B17 B18
Identificar recursos e metodoloxía propios das artes plásticas. Saber recoñecer os distintos métodos adecuados a cada técnica para unha expresión plástica favorable así como utilizar os distintos recursos idóneos para a execución da obra na súa dimensión estética.	A1 A2 A3 A5	B1 B2 B5 B7 B8 B9 B11 B13 B17 B21

Valorar os fundamentos e ámbitos de actuación das distintas formas de expresión artística, así como o patrimonio artístico.	A1 A2 A3 A4	B8 B12 B13 B15 B16 B19 B21
Facilitar a representación a través das linguaxes plásticas e visuais. Profundización da técnica das distintas linguaxes plásticas e métodos para transmitir os coñecementos ao alumnado. Propor recursos para a expresión artística mediante elementos plásticos e estéticos.	A2	B1 B2 B7 B8 B9 B13 B17 B18
Potenciar e estimular a apreciación e a valoración de cualidades artísticas e visuais. Promover metodoloxías para facer que a apreciación estética sexa máis alcanzable ao alumnado.	A1 A2 A3 A9 A11	B1 B2 B5 B7 B8 B12 B13 B16 B17 B18 B21
Mellorar a capacidade de comprender, ler, visionar, crear e producir os problemas das linguaxes artísticas visuais.	A3 A8 A10 A11	B1 B6 B12 B13
Poder producir imaxes en dúas e tres dimensións, ben estruturadas, con calidade compositiva e detalladas sobre temas e proxectos no ámbito de coñecementos típicos e característicos da área Artística Visual.	A1 A2 A8 A10 A11 A12	B1 B5 B7 B8 B13 B14 B17 B19 B20 B21
Coñecer e avaliar o currículo escolar das Didácticas da Expresión Artística	A1 A2 A6 A8 A10 A11 A12	B1 B2 B6 B8 B9 B11 B13
Adquirir e consolidar hábitos e destrezas para a aprendizaxe autónoma, creativo e cooperativo e promovelos nos estudantes desde a participación e o esforzo individual.	A2 A3 A8 A10 A12	B1 B9 B11 B14 B15 B19
Ter dominio sobre toda clase de imaxes visuais; as obras de arte, os símbolos e sinais visuais, a publicidade e os medios de comunicación de masa. Os obxectos, as puezas, construcións e edificios que constitúen a cultura material antiga e contemporánea. Os fenómenos naturais, as paisaxes. En xeral todo o visible e tanxible.	A1	B1 B13 B19
Comprender adecuadamente toda a densidade e complexidade das imaxes e producións visuais.	A2 A3 A8	B3 B6 B10

## Contidos

### Tema

Didáctica da expresión plástica: Introducción xeral	Perspectivas dende onde abordar a didáctica da plástica O docente Evolución histórica do concepto arte
---	--

Elementos básicos da linguaxe plástica I	O punto A liña O plano
Elementos básicos da linguaxe plástica II	Cor Textura Composición
A didáctica da cor	Cómo ensinar a cor Proxectos de traballo sobre a cor
¿Qué predica o curriculum de educación infantil?	A Área de Expresión Plástica. Obxectivos, contidos, metodoloxía, avaliación Proxecto de Traballo: Narrativas Autobiográficas en torno a Arte, a Mestr@ e a Infancia
O concepto creatividade	Mitos sobre a creatividade Definición de creatividade O papel da imaxinación na creación Pensamento converxente vs. pensamento diverxente Teoría das intelixencias múltiples de Gardner Debuxar co lado dereito do cerebro
Teorías e Investigacións sobre o desenvolvemento creativo do nen@	Revisión dos antigos modelos dos estadios de: P. Luquet, P. Piaget, V. Lowenfeld, R. Arnheim, R. Kellog... Investigacións actuais dende o socioconstructivismo crítico
Novos espazos e soportes para a arte: o concepto arte ampliada. Traballo de campo na Illa das Esculturas	A Arte a partir dos anos 60 Novos espazos O papel do espectador O cuestionamento da durabilidade Artistización do cotiá, o enfriamento da aura Arte para tocar e comer...

### Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Traballos tutelados	15	30	45
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	15	30	45
Sesión maxistral	15	30	45

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

	Descrición
Traballos tutelados	Planificación e elaboración de traballo por proxectos Planificación e elaboración de materiais e recursos didácticos específicos (plástica) para a Educación Infantil.
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	Execución técnica adecuada de procedementos e experimentacións de carácter artístico, plástico e visual específico. Resolución de tarefas puntuais de carácter conceptual ou procedimental
Sesión maxistral	Valoración de plantexamentos curriculares en E. Infantil. Interpretación e valoración de obras artísticas. Soporte conceptual da linguaxe e recursos específicos da expresión plástica e visual.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Farase seguimento persoal das tarefas procedimentais e os traballos teóricos tanto no horario presencial de asistencia a aula como no horario de titorías.
Traballos tutelados	Farase seguimento persoal das tarefas procedimentais e os traballos teóricos tanto no horario presencial de asistencia a aula como no horario de titorías.

### Avaliación

	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	O proxecto como ferramenta metodolóxica; entregas parciais Resolucións e obxectualizacións finais. Propostas rematadas. valoración obxectual e conceptual.	40
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	Execución técnica adecuada de procedementos e experimentacións de carácter artístico, plástico e visual específico. Resolución de tarefas puntuais de carácter conceptual ou procedimental	40

### Outros comentarios sobre a Avaliación

A asistencia puntual e regular posibilita a realización dos exercicios e a resolución de cuestións procedimentais. No caso das sesións maxistrais o seu seguimento é imprescindible para o asentamento conceptual dos exercicios e traballos tutelados que se exporán a partir dos contidos envorcados nas mencionadas sesións maxistrais. A asistencia ás clase garante tamén a autoría dos exercicios de carácter máis procedimental que se realizarán no sua maior parte en horario presencial.

Para superar a materia será necesario obter unha media de 5 calculando as porcentaxes detalladas en cada un dos bloques de avaliación. É imprescindible ter un 4 como nota mínima en cada un dos bloques para que se proceda a calcular a nota media.

Na SEGUNDA CONVOCATORIA os alumnos deberá porse en contacto cos responsables da materia. Entregaranse as propostas relativas á elaboración de unidades e materiais didácticos que se expuxeron durante o curso, así como os exercicios procedimentais realizados tamén durante o curso presencial. Cos soportes e calidades que no seu momento detalláronse.

No caso de alumnos que asistan regularmente a clase e presenten as entregas parciais puntualmente e en forma e aínda así non logren superar a materia deberán, para esta segunda convocatoria, repertir só aquelas entregas nas que non alcanzasen a nota mínima de 5. Conservaráselles o resto das notas obtidas nos exercicios Se aprobados e acharase a media correspondente en función dos criterios xa comentados.

### Bibliografía. Fontes de información

- Antonio Machon, ""Los dibujos de los niños"", Cátedra,  
 Pérez Ulloa, iris, ""Didáctica de la educación plástica (taller de arte)"", Magisterio,  
 Palopoli, María del, ""Didáctica de las artes plásticas en el nivel inicial"", Bonum,  
 Evi Crotti, ""Garabatos: el lenguaje secreto de los niños"", Sirio,  
 Evo Crotti, ""Los miedos de los niños,cómo descubrirlos y ayudarles a superarlos"", Oniro,  
 Nicole Bedard, ""Cómo interpretar los dibujos de los niños"", Sirio,  
 Cid Rodríguez, J. M., ""Personalidad y conflictos en el dibujo"", Delta,  
 Aureliano Sáinz Martín, ""El arte infantil: conocer al niño a través de sus dibujos"", Eneida,  
 Sarah Kent, ""Composición"", Blume,  
 Malin Federico, ""Para entender la pintura"", Herman Blume,  
 Ian Simpson, ""La nueva Guía de la Ilustración"", Herman Blume,  
 Albers, J., ""La interacción del color"", La Alianza,  
 Arheim Rudolf, ""El arte y la percepción visual"", Alianza Forma,  
 Corrado, M., ""Las técnicas artísticas"", Cátedra,  
 Ghyca, M., ""La estética de las proporciones en la naturaleza y en las artes"", Poseidón,  
 Gibson, J., ""La percepción del mundo visual"", Infinito,  
 Hayes, C., ""Guía Completa de pintura y dibujo"", Blume,  
 Maier, M., ""Materiales y técnicas del arte"", Blume,  
 Morante F., ""Análisis y evaluación de la obra de arte"", Edinumen,  
 Ruskin, J., ""Técnicas de dibujo"", S. A. Alertas edición,  
 Calcutt, J. y otros, ""Escultura, modelado y cerámica"", Blume,

### Recomendacións

#### Materias que continúan o temario

Obradoiro de creatividade artística/P02G110V01906

#### Materias que se recomenda ter cursado previamente

Educación: Novas tecnoloxías aplicadas á educación infantil/P02G110V01103

### Outros comentarios

A asistencia puntual e continuada ás clases é condición indispensable para superar a materia dadoo seu carácter eminentemente procedimental e a forte carga de contidos, imprescindibles para o desenvolvemento das prácticas, que se envorcan nas clases maxistrais.